

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

- 1. Destes seis termos, elixe só catro e defíneos** (2 puntos, 0,50 por termo):
(extensión máxima recomendada: 4 liñas por termo)

- Megalitismo, Terzos, Decretos de Nova Planta, Pucheirazo, Brigadas Internacionais, Sindicato Vertical.

- 2. Explica a seguinte cuestión** (extensión máxima recomendada: unha cara de folio/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas tres opcións:

- a) O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica
- b) O réxime feudal e a sociedade estamental
- c) A crise socioeconómica do século XVII

- 3. Composición histórica** (5 puntos):

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a crise da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos aos efectos do *desastre do 98*, ao crecente papel do exército na vida política e aos principais grupos de oposición ao sistema.

Doc. 1. “Quen debe gobernar despois da catástrofe”, en Joaquín Costa, *Discursos políticos*, 1899:

“Non temos perdón de Deus: perdémonos porque queremos [...]. Parecía natural, digo, que en agosto do ano anterior se renovase o persoal da política española, [...] aínda que non fose máis que por un sentimento de pudor e de pública honestidade. Pois non, señores: no canto de se xubilaren eles, preferiron que se xubile a nación, que é tida xa en Europa como fóra de servizo, [...] e logo que se viron outra vez arriba, nin sequera se lles ocorreu variar de conduta; volveron facer o mesmo de antes: durmir, aprazalo todo para mañá, deixar que España estea cada vez máis lonxe de Europa, porque Europa segue avanzando e nós, parados [...].”

Doc. 2. Lei de Xurisdiccións, *Gaceta de Madrid*, 24 de abril de 1906:

“DON ALFONSO XIII, pola graza de Deus e a Constitución Rei de España:

A todos os que a presente viren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte:

[...] Art.3º. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións, inxurien ou ofendan clara ou encubertamente o Exército ou a Armada ou institucións, armas, clases ou Corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional. E coa de arresto maior nos seus graos medio e máximo a prisión correccional no seu grao mínimo os que [...] instigaren directamente á insubordinación en institutos armados ou a apartarse do cumprimento dos seus deberes militares a persoas que sirvan ou estean listas a servir nas forzas nacionais de terra ou mar [...].”

Doc. 3. Noticia do mitin celebrado no teatro Variedades de Madrid, publicada no *Diario de Barcelona* (12 xullo de 1909):

“Efectuouse esta mañá o mitin convocado polo comité Socialista para protestar contra a guerra. Presidiu o señor Largo Caballero, quen expuxo o obxecto do acto. Despois de falaren algúns concorrentes fíxoo Pablo Iglesias, que estimou que toda guerra é prexudicial, e para España o é a de Marrocos [...]. Os reunidos aprobaron as seguintes conclusións: pedir ao goberno que non envíe forzas a Marrocos e que retire as que alí ten, e pedir autorización para celebrar o domingo unha manifestación de protesta contra a guerra.”